

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

“AS NOSAS ENFERMEIRAS. O NOSO FUTURO” É O LEMA DO DÍA DA ENFERMARÍA QUE SE CELEBRA MAÑÁ AO QUE SE SUMA A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA

- O obxectivo é darlle visibilidade á profesión para que a cidadanía teña conta da súa importancia nos sistemas de saúde

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2023.- A Área Sanitaria de Santiago e Barbanza súmase á celebración do Día Internacional da enfermaría que este ano ten por lema “*As nosas enfermeira. O noso futuro*”, co obxectivo de poñer de manifesto o que se quere e se procura para a enfermaría do día de mañá.

Para celebrar esta data -12 de maio-, escollida por ser o nacemento de Florence Nightingale a enfermeira británica que se considera nai da enfermaría, profesionais da área sanitaria compostelá e alumnado da facultade de enfermaría da USC participan en actividades de promoción da saúde. Para elo haberá equipos no Hospital Clínico Universtario, na biblioteca concepción Arenal do Campus Vida e no Centro de Saúde Concepción Arenal.

As actividades organizaranse de xeito similar ao ano pasado, cando mais de 500 persoas se achegaron ata os postos informativos. Cada un contará coa supervisión continua por parte dunha enfermeira. Realizaránse medicións de Glicemia, presión arterial, frecuencia cardíaca e ritmo cardíaco nos centros sanitarios.

Na Biblioteca Concepción Arenal, farase medición de presión arterial, glicemia e índice de masa corporal. Tamén se fará unha demostración do importante que é a hixiene de mans.

Ademáis, a enfermaría quere aproveitar a ocasión e realizar unha pequena enquisa anónima para todos aqueles que voluntariamente queiran participar, dando a súa opinión sobre a súa profesión e demostrando o seu coñecemento sobre a nosa formación e competencias.

Saúdos